

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Muras, o trinta de outubro de dous mil dezanove, reúnese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL
DONA CRISTINA FRANCO PARDO
DON MARIO ROUCO REY
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO CHAO
DON JESÚS TRASTOY CAMBA
DON ALBERTO DÍAZ DÍAZ

Dá fe do acto o Secretario accidental do Concello don José Orosa González.
Sendo as vinte horas pola Presidencia declarase aberta a sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

O Alcalde pregunta se lles foron remitidas en tempo e se hai algunha alegación ás actas de anteriores sesións, vótase primeiramente a de 28 de agosto de 2019, que se somete a votación aprobándose por unanimidade.

A continuación vótase outra de data 14 de outubro de 2019 de aprobación da Conta Xeral e outra de 16 de outubro de sorteo dos membros de mesa, que se aproban con seis votos a favor (do grupo do BNG e do PP) e unha abstención de don Mario Rouco, xa que indica que non estivo presente nas sesións indicadas.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que se trata, como se falou na comisión informativa, de aprobar tres facturas que estaban pendentes do 2018 presentadas en 2019, dúas da luz e unha de traballos feitos na Aldea Etnográfica. O total ascende a 4.455,06 euros e a proposta no seu literal di:

“PROPOSICIÓN AO PLENO

Vistas as seguintes facturas correspondentes o exercicio pechado 2018, que importan a cantidade de CATRO MIL CATROCENCOS CINCUENTA E CINCO EUROS E SES CÉNTIMOS (4.455,06€)

DATA DO DOCUMENTO	DOCUMENTO	DATA DE REXISTRO	IMPORTE	TERCEIRO	NOMBRE DE TERCEIRO	PARTIDA
27.11.2018	FE18137024822653	11.06.2019	431,38	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER. S.A.	165-22100
24.07.2018	FE18137015049204	11.06.2019	334,88	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER. S.A.	165-22100
20.12.2018	2018/020	07.08.2019	3.688,80	34636863J	ROBERTO CABO PEREZ	170-22799



O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ó presuposto de cada ano soamente os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos realizados dentro do mesmo exercicio orzamentario.

Atendido que no artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), ó definir o Presuposto das entidades locais como “a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigacións que como máximo, pode recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercicio...” está recoñecendo dito principio de anualidade orzamentaria.

Considerando que no mesmo senso se pronuncia o artigo 2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLHL.

Tendo en conta que tanto o artigo 163 TRLHL como o artigo 3 do RD 500/1990, ó definir o exercicio orzamentario, establecen:

“O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a él se imputarán:

...b) as obrigacións recoñecidas durante o mesmo”.

E por último, no relativo ós gastos, os artigos 176.1 TRLHL e 26.1 do RD 500/1990, que recollen: “Con cargo ós créditos do estado de gastos de cada presuposto só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen dentro do ano natural do propio exercicio orzamentario”.

Visto que o artigo 176.2 TRLHL establece unhas excepcións ó principio de anualidade e, posteriormente no seu desenvolvemento regulamentario, o artigo 26.2 do RD 500/1990 engade unha nova no seu apartado c) no seguinte senso:

“2. Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse ós créditos do Presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

...c) As obrigacións procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto.” (Art. 60.2 RD 500/1990: “Corresponderá ó Pleno da entidade local o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Visto que o artigo 173 TRLRHL, dí que as obrigas de pago só serán exixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme, como é o caso.

Visto o informe de Intervención de data 17.10.2019.

Tendo en conta os antecedentes que obran no expediente, entre outros que as facturas están conformadas e acreditada a efectiva prestación dos servizos, e sendo necesaria a aprobación do gasto para evitar o enriquecemento inxusto da administración así como para evitar perxuizos na prestación dos servizos aos veciños.

E pos iso polo que proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- APROBAR o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos das facturas correspondentes a exercicios pechados que importa a cantidade de **CATRO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS E SEIS CÉNTIMOS (4.455,06€)**



SEGUNDO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes á indemnización por enriquecemento inxusto dos acreedores relacionados con cargo a súa correspondente partida e proceder ao seu pago.

Non obstante o Pleno acordará o que estime oportuno.”

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA AXUDA PARA O PAGO DA LUZ.

Indica o Sr. Alcalde que se detectou, logo da experiencia destes anos unha carencia nas bases, queremos que cubra o maior número de posibilidades, e as bases foron aprobadas en abril de 2019, fíxose unha modificación, onde di que só é o consumo, visto que se considera tamén como gasto subvencionable os alugueiros dos equipos de medición, traemos a Pleno o de incluír esta reforma ou corrección. É no que consiste. A seguir vótase a proposta que no seu literal di:

“Visto o Pleno ordinario levado a cabo en sesión ordinaria o pasado 25 de abril de 2019 no que se aprobou, entros outros, as bases reguladoras de axudas para o pago da luz do ano 2019.

Vista a clausula 2.- GASTOS SUBVENCIONABLES no que tan só se inclue como subvencionable o consumo eléctrico.

Visto que se considera necesario que se incluía tamén como gasto subvencionable, por así permitirlo o artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións, o alugueiro dos equipos de medición.

E por iso polo que porpoño ao Pleno a adopción do seguinte acordó:

PRIMEIRO.- Incluir como gasto subvencionable o alugueiro dos equipos de medición quedando o apartado 2.1 das bases redactado do seguinte xeito:

2.1 GASTOS SUBVENCIONABLES.

Poderán ser subvencionados os gastos de consumo eléctrico do ano 2019 e o alugueiro dos equipos de medición que teña cada unidade familiar que conste no padrón de habitantes do concello de Muras. O consumo eléctrico debe estar destinado exclusivamente á actividade doméstica.

Non se subvencionarán os gastos de consumo eléctrico de contadores a nome de sociedades mercantís ou vinculados a actividades industriais ou comerciais, como talleres, bares, restaurantes, fornos, etc...No caso de que unha vivenda comparta o contador cunha actividade comercial, só se terá en conta a terceira parte do consumo total facturado.

Para determinar a cantidade da axuda, só se terán en conta as facturas aportadas polo solicitante, xunto coa documentación requirida nestas bases.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno”

Efectuada a votación apróbase a proposta por unanimidade.



4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CREDITO ENTRE PARTIDAS DE DISTINTO AREA DE GASTO.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que tivemos que recoñecer facturas que viñan dos anos anteriores, cambiar luminarias por tormentas, cambios nas tarifas do SAF, analíticas de augas para a legalización das traídas, e algunha partida para limpeza de edificios municipais que se quedou escasa. Faise unha transferencia entre distintas partidas e tráese a pleno para a súa aprobación e posterior publicación no BOP.

Pásase a votar a proposta que no seu literal di:

“O presente expediente de modificación de créditos ao vixente Orzamento municipal adopta a modalidade de transferencia de créditos entre partidas pertencentes a distinto grupo de función, de acordo co seguinte detalle:

Altas en partidas de gastos

Partida		Descrición	Euros
Funcional	Económica		
165	22799	ALUMEADO PUBLICO. OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS	4.000,00€
2312	22799	ATENCIÓN SOCIAL PRIMARIA. DEPENDENCIA	30.000,00€
311	22799	PROTECCIÓN SALUBRIDADE PÚBLICA. OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS	6.000,00€
330	22100	ADMINISTRACIÓN XERAL DA CULTURA. ENERXIA ELECTRICA	3.000,00€
920	22700	ADMINISTRACIÓN XERAL. LIMPEZA E ASEO	10.000,00€

Baixa en partida de gastos

Partida		Descrición	Euros
Funcional	Económica		
150	13000	ADMINISTRACIÓN XERAL VIVENDA. RETRIBUCIÓN BÁSICAS	14.652,49€
150	13002	ADMINISTRACIÓN XERAL VIVENDA. OUTRAS REMUNERACIÓN	24.905,17€
432	62503	ORDEACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA. MOBILIARIO	7.534,56€
933	63205	XESTIÓN DO PATRIMONIO. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	6.407,78€

A presente modificación obedece a:



- as tormentas acaecidas a principio do ano 2019 fixeron que fose necesario arranxar un numero moi elevado de farolas quedabdo a día de hoxe escasos cartos para facer fronte ao resto das reparacións que tense que facer no que queda de ano.
- o aumento do prezo/hora no servizo de axuda a domicilio rompeu as previsións feitas cando elaborouse o orzamento municipal.
- estanse levando a cabo os tramites necesarios entre o Concello de Muras e a Xunta de Galicia para proceder á legalización de captación de augas, como xa leva facendo este grupo de goberno dende hai varios anos, o cal implica ter que facer análise das augas de ditas traídas.
- diversos subministros e servizos (enerxía eléctrica e limpeza dependencias municipais) necesitan un aporte de crédito orzamentario para facer fronte ás facturas que viran de aquí ata final do ano de modo que poidan ser recoñecidas neste exercicio orzamentario.

Por tanto e tendo en conta o exposto, considéranse que os gastos propostos son totalmente necesarios e que non poden demorarse para o próximo exercicio, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- APROBACIÓN de expediente de modificación de créditos ao vixente Orzamento municipal mediante a modalidade de transferencia de créditos entre partidas pertencentes a distinto grupo de función, de acordo co detalle ao principio indicado.

SEGUNDO.- Aprobada inicialmente a modificación, exporase ao público, previo anuncio no BOP de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. A modificación se considerará definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO.- Contra a aprobación definitiva da modificación poderase interponer directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.

Non obstante o Pleno adoptará o acordó que estime oportuno”

Efectuada a votación, a proposta apróbbase por unanimidade.

5.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que se debe votar a urxencia das mocións, a cal se aproba por unanimidade. Dalle a palabra ao Sr. Rouco Rey que da lectura á moción presentada polo PSG-PSOE.

“ MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO ”

Mario Rouco Rey na súa condición de Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE / Grupo Mixto no Concello de **Muras**, comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal, a seguinte **MOCIÓN**,



INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR URXENTEMENTE, MEDIDAS RESPECTO Á POBOACIÓN CRECENTE DE XABARIL E OS DANOS CAUSADOS POR ESTA ESPECIE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todo comeza a principios deste setembro de 2019, polo 10 de setembro, iniciando a colaboración con UNIÓN AGRARIAS-UPA, apoiamos a proposición non de lei de iniciativa popular sobre os danos provocados, polo xabaril mediante as nosas sinaturas durante 15 días no noso concello de Muras.

A partires daquelo, sucedeuse o que ven sendo habitual no nosa comunidade autónoma, dende o rural para eles e de segunda categoría, por non dicir, terceira ou cuarta.

A principios deste mes de outubro, o noso concello de Muras está incluído nunha zona de emerxencia pola presenza do xabaril, para poder xestionar o seu número, debido a que a súa elevada presenza pode causar danos, entre eles, e importante a súa implicación en accidentes de tráfico.

CONCLUSIÓN: despois de deixar medrar en exceso o número de individuos, ata non ver mais que novas sobre a súa problemática ata no centro das cidades; dun día para outro, permítese a súa caza diaria, e as nosas preguntas son: A quen se lle ocorreu a brillante idea? Agora non importan as maneiras, que xestión se leva do problema? Teremos que chegar a ter os mesmos problemas co lobo, que xa os temos, para buscar solucións?

Sexamos serios, os danos do xabaril constitúen a día de hoxe un grave problema social en Galicia. As poboacións destes animais causan danos na agricultura que Unións Agrarias ten estimado nun informe técnico en preto de 15 millóns de euros ao ano. Asemade os responsables de Tráfico e da Garda Civil informan dunha media nos últimos anos duns 1.100 accidentes de tráfico cada ano, vencellados á irrupción do xabaril nas estradas galegas.

Engadamos a estes efectos negativos, o problema que supón esta especie sobre os ecosistemas de zonas protexidas e espazos naturais, onde o seu control está restrinxido e precian sobre a fauna protexida. Tamén o seu acercamento ás cidades co perigo certo que supoñen para as persoas ás que poden atacar con consecuencias imprevisibles, como vén de pasar en Pontearreas recentemente.

Por último, a ameaza que supón o achegamento a Galicia da peste porcina africana, e a ameaza directa que supón para os centos de familias que dependen



no rural do sector porcino, sector que desaparecería por unha mala xestión das poboacións do xabaril, o seu principal vector de contaxio.

As fórmulas actuais para controlar as poboacións de xabaril a través da caza, de previr todos os seus danos, e de pagalos a quen os está a sufrir, son a día de hoxe insuficientes, porque lonxe de poñer o problema baixo control, aumenta cada ano.

Asemade o actual marco legal da caza en Galicia, deixa un simple papel de cómodo observador á Xunta de Galicia, quen delegou toda a responsabilidade e todo o traballo do control das poboacións de xabaril, e mesmo do pago dos danos, aos TECOR e Sociedades de Caza do rural, que carecen dos recursos e dos medios para afrontar estas responsabilidades.

Por todo o anterior, e dado a importancia que o rural representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nasa economía produtiva solícita do Pleno municipal a adopción da seguinte

PROPOSTA

Co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie, cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegas, aos que unha proliferación desordenada desta especie, pon en perigo.

Solicitar á Xunta de Galicia que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna. Pasando a asumir directamente o Goberno galega as responsabilidades que a continuación se enumeran:

- 1. Elaborar un censo da poboación de xabaril en Galicia.**
- 2. Determinar a densidade máxima de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos, o risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.**
- 3. Fixar as medidas de control da poboación de xabarís.**



4. Poñeren marcha novas medidas para o control dos danos na agricultura.
5. Pago das indemnización por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros, tanto os profesionais, coma os de a tempo parcial.
6. Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que o BNG non ten nada en contra e ímola apoiar pero si que cremos que se incluír unha emenda, pola problemática do lobo, hai moitos gandeiros que sofren perdas, poldros, becerros...

Contesta o Sr. Rouco que a moción vai máis enfocada ao xabaril. Son especies que sempre existiron e coexistiron dende moi atrás, a moción é sobre o abandono do medio rural, pero se pode facer a emenda ou facer outra máis enfocada ao lobo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que cando se tiveron xuntanzas hai cuestións que se repiten tanto no tema do xabaril como do lobo. Queremos introduci-lo. Non sei se o grupo popular quere engadir algo.

Toma a palabra o Sr. Trastoy para indicar que non ve normal que se pida un censo de xabarís e de lobos que ten un custo alto, o normal é que se esixa que se paguen os danos e que se faga algo para combater un 50% dos lobos.

Contesta o Sr. Rouco que é necesario, que é por burocracia, hai que facelo a través dunhas mesas sectoriais onde estean todos, hai que empezar por unhas bases, saber cantos hai, fixar unhas medidas de control, a Xunta traspón as responsabilidades aos tecores, se é preciso hai que xuntarse con Concellos coa mesma problemática e tomar medidas.

Volve a indicar o Sr. Trastoy na celeridade do pago, como moito un mes.

Pásase á votación da moción introducindo que os danos tamén son os do lobo e pedindo a puntualidade no pago. Feita a votación apróbbase por unanimidade.

Indica o Sr. Alcalde que hai outra moción contra o abandono do medio rural que presenta o Partido Socialista, votase a urxencia, que se aproba por unanimidade.

Dalle a palabra ao Sr. Rouco Rey que da lectura á moción presentada polo PSG-PSOE:

“ **MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO**

Mario Rouco Rey na súa condición de Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-



PSOE / Grupo Mixto no Concello de **Muras**, comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal e a petición da Organización Profesional Agraria UNIÓN AGRARIAS-UPA, a seguinte **MOCIÓN CONTRA O ABANDONO DO MEDIO RURAL GALEGO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de 4 longos anos de tratar todos os temas posibles para darlle a coñecer Muras a Xunta o seu “eslogan” *A Xunta de Galicia invirte no rural*, perdeu efectividade, non serve. Van 11 anos de inactividade do noso goberno autonómico e nós concellos rurais cada vez unha decadencia, abandono e despoboamento mais acusado. Todo consiste en centralismo de cara as grandes cidades e as suas “cidades xardín”.

Levamos tempo de desatención, envellecemento demográfico, falta de relevo xeracional nas explotacións, abandono da actividade agraria e gandeira, eliminación de toda clase de servizos públicos: peches de escolas e centros de saúde, retirada de liñas de autobuses, procesos todos que están a dar como resultado o abandono da poboación rural, o cese da actividade produtiva no territorio, e a transformación da nosa paisaxe e territorio cara unha realidade estrutural che de perigos

Sen actividade produtiva non hai xestión do territorio nin control da biomasa, nin mantemento dos cortalumes naturais que supoñen prados, pastos, cultivos e terras de labor. Porque o que non xestionemos nos coa actividade, vaino xestionar o lume.

Pero non pode haber actividade produtiva si está non é rendible, nin pode haber actividade produtiva si non hai xente que aposte por vivir no rural e facer del a súa forma de vida. E para que iso suceda, a xente ten que ter servizos e calidade

de vida a altura dos tempos en que vivimos, así como percibir un recoñecemento por parte da sociedade polo labor desenvolto no rural, e unha aposta clara das Administracións Públicas por manter un rural vivo, activo e con futuro.

Por todo o anterior, en condición de Voceira/o Municipal do Grupo Municipal do **PSdeG-PSOE / Grupo mixto no Concello de Muras** e dado a importancia que o



rural representa neste Concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1.- Solicitar a Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.

2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.

3.- Aplicación de inmediata de un paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se ven afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e por catástrofes.

4.- Pedir que non se retrase nin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.

5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.

6.- Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.

7.- Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.

8.- Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada da banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade



de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.

9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche de escolas, como desprazar rapaces das vilas aos lugares para completar o alumnado antes de pechar unha escola, garantindo o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.

10.- Poñer fin a sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica, (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc)

É tempo pois da acción, da toma de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural. Porque non é certo que no rural non haxa nada que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por facerse para gañar o futuro.”

A seguir iníciase o debate polo Sr. Alcalde indicando que o BNG apoia a moción, que calquera dos puntos os tomarían como seus. Neste Concello xa ao longo do pasado mandato se intentaron poñer en marcha medidas, que se tivese futuro, que a xente estivese orgullosa, puxemos en marcha medidas de moito impacto, aplaudidas por moitos e copiadas, como son as axudas la luz, a implantación do Pai, a electrificación de lugares que inda a posuían... Certo é que nisto son as administracións que están por encima dos concellos as que teñen que traballar se non queremos que o rural quede despoboado.

Toma a palabra o Sr. Trastoy para indicar que a aldea leva anos morrendo e vai seguir, o primeiro que había que pedir era parcelarias pa facer o rural máis atractivo, logo a xente que viva no rural que teña fillos que teña unha subvención, outra cousa, a zona de rede natura, alguén cobrará pero os propietarios nada, e limitante para todo o que queiras facer.

Contesta o Sr. Rouco indicando que pode estar de acordo pero esas prohibicións e normativas non as pode facer quen non coñece nada. Se seguimos coa tesitura de quen vai vir podemos cerrar a porta, so medran os que están arredor das grandes cidades, son dormitorio, teñen boas condicións sen estar na cidade. E a respecto das parcelaria hai que apostar polo que tedes vós, no monte comunal, se te vas á parcelaria méteste no que tratamos de evitar, a burocracia, sen embargo o privativo é moito máis fácil.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que se vai a votar a moción, a cal se aproba por unanimidade.



Trae o equipo de goberno outra moción sobre o mantemento do traballo en Alcoa e Endesa, vótase a urxencia que se aproba por unanimidade.

Toma a palabra o Sr. Rouco para dar lectura á mesma:

“ PROPOSTA DE GOBERNO PARA A RECLAMACIÓN URXENTE DE MEDIDAS QUE GARANTAN O FUTURO E O MANTEMENTO DO EMPREGO NA FACTORIA DE ALCOA EN SAN CIBRAO E DA CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES

A situación de emerxencia industrial en Galicia está a afectar dun xeito especial á factoría de Alcoa en San Cibrao e á central térmica de Endesa en As Pontes, cuxa actividade ten unha importante incidencia na creación de emprego no norte da provincia de Lugo. Esta situación afecta a miles de traballadores e as súas familias, que contemplan con incerteza o futuro dos seus postos de traballo e esperan das administracións propostas e accións concretas que eviten unha nova perda de postos de traballo no sector industrial galega. Un sector que leva perdidos xa máis de 12.000 postos de traballo nos últimos anos.

O pasado xoves 16 de outubro, milleiros de traballadores e traballadoras de Endesa, transportistas e vecinos, acompañados de alcaldes da zona, levaron ante o Congreso dos Deputados á súa reivindicación de medidas que garantan unha transición enerxética que preserve os postos de traballo e supoña un impulso económico, e non unha lousa, para o desenvolvemento das comarcas do norte de A Coruña e Lugo.

Mentres isto acontecía en Madrid, As Pontes e San Cibrao acollían o mesmo día sendas xornadas de mobilización. 3. 000 persoas xuntáronse en San Cibrao para reclamar medidas que deán resposta ó futuro de Alcoa, pendente do novo estatuto de empresas electrointensivas. E As Pontes converteuse nunha vila baleira, con boa parte dos vecinos en Madrid, o comercio pechado e rúas baleiras, como exemplo gráfico da preocupación que a situación xera na zona.

Dende os nosos respectivos grupos queremos mostrar todo o noso apoio, solidariedade e compromiso eos traballadores e traballadoras da Central Térmica de Endesa nas Pontes e da fábrica de Alcoa en San Cibrao, coa industria auxiliar e os transportistas vencellados á súa actividade.

Por iso presentamos esta Moción para solicitar as administracións con competencia na materia, é dicir, o Ministerio de Industria e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia

- Solucións e alternativas que garantan o futuro da factoría de Alcoa e da central térmica de As Pontes.
- Atendendo á realidade enerxética e industrial galega, iniciativa conxunta de reactivación económica a través dun plan industrial que contribúa ao reequilibrio territorial, apostando por un modelo racional de descarbonización e de transformación enerxética, suave e progresiva, a aposta pola economía circular e o mantemento e o impulso do emprego.”

Continua dicindo que son tecidos fortes, que xeran moito emprego directo e indirecto, fírmanse pactos entre Alcaldes, manifestacións , pero ao fin todo queda en palabras, inda



que hai anos que se vía vir nada se fixo nin a nivel estatal nin da Xunta e nós como concello que estamos na contorna seguiremos apoiando para que esas empresas se manteñan e teñan alternativas viables.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que dende o BNG van apoiar esa proposta, son dúas empresas moi importantes, nunca estivemos de acordo coa súa privatización, nos consellos de administración acaban os persoeiros de partidos estatais, as portas xiratorias. Está claro que Endesa contamina, pero dende hai anos e estiveron a dicirnos que o peche non ía acontecer e agora estamos nesta situación; e o mesmo acontece con Alcoa, dende o BNG sempre defendimos unha tarifa eléctrica galega, Galicia é productora e pagamos a luz máis cara, se existise esa tarifa poderíamos xestionar esta situación. Os vascos si a teñen porque o PP llela aprobou para poder aprobar con Aznar os seus orzamentos. Só quería facer estas reflexións.

Toma a palabra a Sra. Requeijo para indicar que estivo en dúas concentracións de Alcoa e o presidente do Comité de empresa botoulle a culpa a Ministra, da Xunta non dixeron nada e de quen esperan unha reunión é da Ministra de Industria.

Contesta o Sr. Rouco indicando que esta proposta a fixeron logo dun receso, quedaron fóra as cores políticas, é certo que as competencias son do ministerio, pero quen ten que facer as peticións é a Xunta, non sei se houbo as famosas cartas, pero sexa quen sexa as peticións hai que facelas. Enlazando con isto cando hai problemas os sectores téñense que apoiar, cando hai problemas no noso, no primario, os outros tamén teñen que estar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para pedir votación sobre a moción, que se aproba por unanimidade.

6.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Indica o Sr. Alcalde que están a disposición de quen queira consultalas en Secretaría. Tamén que para avanzar un pouco e para os veciños/as, indicar que as obras do Fondo de Compensación están chegando ao remate, na traída de augas na Xestosa faltan retoques, cuestións puntuais. As melloras da traída de augas en Irixoa está feito o depósito, o clorador, está en prazo, remata o 15 de novembro. En Silán está rematado o tema da cloración, en Viveiró inda non. Con respecto ao Centro de Interpretación está rematado, temos Salón de Actos como se merece.

Por último tiñamos unha baixa do Plan Único da Deputación co que se fixeron unha serie de obras e de rebacheo en distintas pistas, e tamén temos en marcha a reelectrificación, e posta de farolas de aforro enerxético en distintos puntos da localidade. Estase licitando estes días as obras do POS, as de vías, e mañá as de accesibilidade, as do ascensor do Concello, hai moita xente maior neste Concello e é necesario.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Indica o Sr. Alcalde que non sabe se hai.



Toma a palabra a Sra. Requeijo para indicar que vai facer tres preguntas, e logo explicar os papeis que entreguei hoxe no Concello; a primeira é sobre a piscina, por que están as obras paradas, era para abrir polo verán pero non se retomaron; a segunda polo campo da festa de Silán, fixéronse desmontes, e por que paran as obras; e terceiro estanse a cambiar farolas na costa de Vilar, se se van a cambiar todas ou non.

Por último dicirle aos veciños que hoxe rexistrei uns papeis nos que solicitamos obras no Mouriscon, en Ambosores, o arranxo da Ponte de Saamil e acceso a ela, o arranxo do tramo entre a estrada e a escola da Balsa, uns quitamedos na curva de Orxás, o arranxo do acceso á ponte de Ponte Bermuz, e aparcadoiros en rúas do casco urbano xa que se aparca nos carrís e pode pasar algo. Por último levo oído que os obreiros traen os arneses das desbrozadoras da casa porque os do Concello están en mal estado, pido que se compren e tamén material para obras que pidan e se necesite. Xa pa rematar, e por sucesos ocorridos noutros lugares coas velutinas, que se adquiran inxeccións de adrenalina, por se acontece algún problema deste tipo.

Contesta o Sr. Alcalde indicando que agradece o afán construtivo. Estamos no segundo mandato e sen embargo nos 24 anos anteriores respecto a vías non houbo tantas actuacións como levamos. Xa estamos no camiño de dar solución no Mouriscón, está en concurso, en licitación e vaise resolver. Con respecto á Ponte de Saamil nestes momentos está encargado un proxecto e a pista reparouse o ano pasado, cando chove moito estráгаа, trátase de facer un mantemento como a outras, e este Concello ten moitos quilómetros. Diante da escola da Balsa xa nos teñen indicado, non é terreo municipal, precisamos unha cesión previa. A instalación de quitamedos está pendente. Con respecto a Ponte Bermuz, recentemente gastamos alí setenta e pico mil euros, fanse moitas inversións, trátase de diversificar, e arranxaremos ese treito, tentamos metelo nalgunha baixa. Co tema do aparcamento somos conscientes, hai un compromiso cos veciños de resolvelo, estamos pendentes de Deputación, hai en marcha un proceso de humanización do centro de Muras, resolvería o problema, implica traídas de augas, pluviais... xa se retrasa. Falouse de adquirir algunha parcela pero os prezos son esaxerados.

A respecto do material e dos epis, o Concello ten externalizado o servizo de prevención de riscos laborais, describe o material que precisa por posto, loxicamente teñen que ter todo o preciso, logo deste escrito estiven revisando e non me consta que ningún traballador estea sen epis, volveremos a falar cos traballadores, non sei quen dixo isto. Este Concello compra arneses, compra pezas cando rompen, non sei a que se refire, non sei se é para crear incomodidade, nós o que temos é o documento de que cada traballador recibiu o seu epi, de tódolos xeitos entendemos que cada traballador ten que ter as medidas de seguridades correspondentes.

A respecto do tema da velutina, a empresa de prevención non nos di que teñan que levar inxeccións de adrenalina, eu non son médico, ao mellor é moito atrevemento, aos traballadores trasladaselles que en lugares onde haxa calquera tipo de animal non se



acheguen, e polo tanto non imos ir máis alá. De tódolos xeitos agradecemos que faga estas aportacións.

Respecto ás tres preguntas que facía, a piscina parouse porque estabamos na tempada de verán, paralelo a iso a empresa remataba o seu contrato e esta Alcaldía acordou suspender o mesmo e investigar por que non se executou, resolveuse o contrato e estamos en negociación coa segunda empresa que se presentou. Na obra de Silán non se parou, é o que solicitaron os veciños e é o que se fixo. A respecto das 3 farolas, algúns veciños queixáronse de que as novas farolas non daban luz suficiente, e acordouse cambialas por outras de maior altura para ter mellor servizo, non se vai a cambiar nada máis.

Dálle a palabra ao Sr. Rouco que indica que está plenamente de acordo, que na piscina a execución foi moi baixa, que hai que licitar o que queda e que a obra vaia para adiante. O do campo da Festa de Silán ben, n o das farolas de Vilar de acordo co exposto polo Alcalde, nunca vai ser un proxecto cerrado, sempre hai peticións e hai que ir atendendo prioridades ou onde haxa incorporacións de xente. Con respecto a Ponte Bermuz o que teño que dicir e que é conservación de pistas, falado co Deputado, as prioridades van ser limpeza de montes e conservación de vías, trataremos que non sexa tando con zorra senón formigón de limpeza, do contrario carto perdido, hai que derivar as augas... xa se ten feito en zonas de protección. No tema de aparcamentos totalmente de acordo, pódenos dar un valor engadido. Agora imos a un tema no que non teño moito que ver, ou si teño, hai que levar uns informes, un control, dar cursos de prevención, pero andar con cordóns no arnés é como andar sin disco, non entendo por que nin por que non, parece que os temos contra unha parede, non tiven problemas e espero non ter, a partir de agora vou mirar, haberá que facer informes, non están pola labor dunha eficiencia, na Balsa hai casas que os desbroces que chegaron a 150 metros das casas... non hai que andar detrás deles, iso é civismo do empregado, que facemos? Mandámoslos á casa 15 días? Un mes?, no próximo Pleno que cada un traia a súa proposta... non son formas de andar así, é competencia de cada traballador.

O da adrenalina podería ser, é outra cousa máis, indicar que é algo máis para o sector primario, igual que o curso de prevención que vai haber, con maquinaria, o que estades todos invitados, e tamén se pode tratar este tema. Son cousas que se van tendo, como o desfibrilador, poden previr desgrazas.

Outra cousa que temos enriba da mesa, e polo que están aquí varios veciños, e que vou iniciar, o tema dos falsos positivos e discrepancias co saneamento, a problemática das contranálíticas e as mortes ou sacrificios por este motivo. Penso que todos imos estar de acordo, todos somos gandeiros, creo que institucionalmente e por min vai ser apoiado, noutras zonas xa se presentaron denuncias , das que paso logo a dar lectura de varios párrafos.

Indica o Sr. Alcalde que se vai a rematar o Pleno, pregunta se alguén ten outro rogo ou pregunta, pola Sra. Franco pregúntase se se vai facer algo en torno ás concentracións, considera algo moi importante, os gandeiros precisan do terreo.



Responde o Sr. Rouco indicando que o mesmo que xa lle dixo a Suso, que se prestará todo o apoio necesario aos veciños, que o mellor é entre gandeiros, entre particulares, propietarios directos, se se fai a través da administración mínimo 10 ano.

Intervén o Sr. Trastoy para preguntar que pasos hai que seguir para solicitar a concentración.

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que no Pleno pódese recoller que procedemento hai que seguir para o tema da parcelaria, facer xuntanzas nas parroquias e trasladar solucións aos veciños, xestionalo do xeito máis eficiente e esperar a cando saibamos cal é o procedemento, dende logo este equipo de goberno o que queremos é que o rural teña ferramentas, que o sector primario teña futuro. Indica que o Sr. Rouco se fai cargo de mirar o tema o cal indica que o traerá a Pleno inda que sigue pensando no tema privado como a mellor solución, iso si, sen saltar a legalidade pero quitando a burocracia das administracións.

E non habendo máis asuntos para tratar, o Sr. Alcalde da por rematado o Pleno, indicando que a seguir se falará o tema do saneamento introducido polo Sr. Rouco, sendo as vinteunha horas trinta minutos do día enriba sinalado, da que se estende a presenta acta que asina comigo, de todo o que, como Secretario Accidental, dou fe

